

- 1) A andaina solidaria 2016 é unha andaina non competitiva organizada polo concello de Nogueira de Ramuín a favor da **A.E.C.C. (ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO)**
- 2) Celebrarase no concello de Nogueira de Ramuín o sábado día **26 de novembro de 2016**.
- 3) A andaina partirá da praza de Luintra ás 10:00h., tendo os participantes que retirar os seus dorsais mediante a presentación do xustificante de ingreso 30 minutos antes da saída.
- 4) A distancia do percorrido integro é de **19,5 km.** aprox., contemplándose un trazado alternativo de aprox. **10 km.** para quen decida non realizar a proba na súa totalidade.
- 5) A participación queda establecida en 250 persoas como máximo (maiores de 18 anos ou de menores de 18 anos acompañados dun responsable)
- 6) As follas de inscrición poderanse descargar na páxina web www.nogueiraderamuin.com remitíndose cumprimentadas xunto co xustificante de ingreso da cota ó fax: 988 201 120, ó correo electrónico cultura_nogueiraderamuin@hotmail.com ou entregándoas no establecementos colaboradores: Turini Sport (Avda. Habana 34, Ourense) e Coolsport (Avda. Habana 57, Ourense)
- 7) A cota de inscrición é de **7 euros** por participante (poderáanse facer aportacións aínda que non se participe na camiñata, indicando no concepto: **aportación FILA CERO**)
- 8) O ingreso das cotas deberanse realizar no número de conta: **ES12 2080 0437 5531 1000 0077** ata o día 23 de novembro (data límite de inscricións), sendo o beneficiario o **Concello Nogueira de Ramuín**, e o concepto **"Andaina solidaria 2016"**. Por favor, en caso de ingresos conxuntos, indicar os nomes e apelidos dos participantes.
- 9) O mesmo día da proba admitiranse inscricións sempre que non estea cuberto o número de participantes establecido.
- 10) A dificultade da andaina cualifícase de media no seu percorrido máis longo y de dificultade media-baixa no máis curto.
- 11) Quedarán establecidos puntos de avituallamento de líquido e froita en distintos puntos do percorrido. Ó final da proba poderase disfrutar duns aperitivos.
- 12) Todo participante que decida retirarse antes do remate da andaina, deberá comunicarllo á organización (ben directamente a algún compoñente da mesma ou de protección civil, ou por sms/whatsapp ó teléfono 679 446 216), indicando o dorsal asinado ó inicio da proba.
- 13) A andaina considerarase rematada cando cheguen ó punto estipulado como final da mesma as persoas da organización que veñen pechando os tramos.
- 14) Ó final da proba os participantes poderán dispor de duchas no polideportivo municipal.
- 15) Ó remate, haberá unha entrega de agasallos (previo sorteo) cedidos polas firmas colaboradoras da andaina.
- 16) A organización reservase o dereito a cancelación ou aprazamento da proba en caso de baixa participación, inclemencias meteorolóxicas moi adversas ou por calquera outro motivo, colgando o aviso uns días antes na páxina web do concello, na páxina "Andainas por Galicia", así como na conta de Facebook.
- 17) A participación na andaina solidaria 2016 implica a aceptación das bases da mesma.